Facultade de Filoloxía e Tradución

Titorías

http://webs.uvigo.es/fft/documentos/Profesorado%202011-2012.pdf

Horarios

Consúltese a páxina web da FFT webs.uvigo.es/centros/fft (apartado de información académica).

Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés)

Materias

Curso 3

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V01G230VGI501	Tradución entre lingua A1 e lingua A2	1c	6
V01G230VGI502	Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego	1c	6
V01G230VGI505	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230VGI508	Tradución idioma 2, II: Francés-Galego	1c	6
V01G230VGI510	Tradución idioma 2, II: Alemán-Galego	1c	6
V01G230VGI512	Tradución idioma 2, II: Portugués-Galego	1c	6
V01G230VGI514	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego	1c	6
V01G230VGI518	Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía	1c	6
V01G230VGI601	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230VGI604	Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230VGI605	Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego	2c	6
V01G230VGI608	Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230VGI611	Tradución idioma 2, III: Francés-Galego	2c	6

V01G230VGI613	Tradución idioma 2, III: Alemán-Galego	2c	6
V01G230VGI615	Tradución idioma 2, III: Portugués-Galego	2c	6
V01G230VGI617	Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego	2c	6
V01G230VGI621	Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución entre lingua A1 e lingua A2

Materia	Tradución entre lingua A1 e lingua A2			
Código	V01G230VGI501			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés)			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Valado Fernández, Liliana			
Profesorado	Valado Fernández, Liliana			
Correo-e	lilianavalado@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias de titulación

Código

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Contidos

Tema

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Atención personalizada

Avaliación

Descrición	Cualificación

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego				
Materia	Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego			
Código	V01G230VGI502			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Garrido Rodriguez, Carlos			
Profesorado	Garrido Rodriguez, Carlos			
Correo-e	cgarrido@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Teoria e prática da traduçom na combinaçom lingüística inglês□galego.			

Competencias de titulación
Código

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Aprofundar o conhecimento das duas línguas de trabalho, inglês (Idioma I) e galego (Língua I), sobretodo nos níveis lexical, morfossintático e textual. Especificamente no caso da língua de chegada da traduçom, o galego, desenvolver estratégias para a sua restauraçom estrutural e potenciaçom expressiva no quadro da traduçom.	A1 A3 A4 A5 A18 A27 A33	B1 B2 B9
Analisar textos do ponto de vista do tradutor profissional, determinando-se, assim, à vista do correspondente escopo da traduçom, o tipo e as estratégias de traduçom mais adequados.	A17 A27 A32	B3 B7 B9 B17 B24
Ser-se capaz de reconhecer num texto-fonte composto em inglês, e em relaçom à língua e à comunidade sociocultural de chegada (galegas), as estruturas lexicais e morfossintáticas e os traços textuais e culturais que, no quadro da correspondente traduçom (instrumental ou documental), se revelarám críticos ou problemáticos.	A1 A2 A3 A4 A17 A18 A25 A27	B3 B10
Ser-se capaz, autónoma e eficazmente, de detetar e analisar problemas tradutivos e de aplicar as pertinentes estratégias tradutivas no quadro da traduçom instrumental para galego de textos pragmáticos, nom especializados, compostos em inglês e pertencentes a diversos géneros e campos.	A3 A4 A10 A17 A18 A22 A27	B7 B9 B12 B14
Ser-se capaz de utilizar com proveito as diversas fontes de informaçom e recursos documentais de que hoje dispom o tradutor profissional, tanto os tradicionais como os enquadrados nas TIC.	A5 A8 A14 A15 A22	B4 B5 B6 B9

Fomentar a curiosidade intelectual e o espírito crítico em relaçom ao uso das línguas, bem como desenvolver um conceito profissional da atividade tradutiva, conforme o qual o tradutor age como mediador cultural orientado por princípios deontológicos e de qualidade.	A4 A9 A10 A21 A28 A32	B8 B9 B12 B14 B18

Contidos	
Tema	
Caraterizaçom da traduçom no seu enquadramento sociocultural e profissional	Participantes e fatores envolvidos no processo da traduçom profissional. Análise textual do tradutor. Tipologia da traduçom: a traduçom instrumental. Discordáncias interculturais: análise e tratamento tradutivo.
Restauraçom estrutural e potenciaçom expressiva do galego enquanto língua-alvo da traduçom	Habilitaçom em galego do léxico moderno, culto e especializado. Estruturas morfossintáticas críticas na traduçom inglês-galego (colocaçom do pronome átono, infinitivo flexionado, futuro do conjuntivo, voz passiva, nexos de relativo, oraçons condicionais, perfectividade, formaçom dos complementos diretos e indiretos).
Análise dos problemas e das estratégias da traduçom instrumental de textos pragmáticos de inglês para galego	Utilizaçom dos dicionários por parte do tradutor. Tratamento tradutivo dos nomes próprios. Introduçom à traduçom de textos adscritíveis aos géneros artigo de enciclopédia geral, anúncio publicitário, artigo jornalístico noticioso, editorial jornalístico, artigo de divulgaçom científica e livro de divulgaçom científica.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Sesión maxistral	10	20	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	4	6
Estudo de casos/análises de situacións	32	64	96
Traballos tutelados	2	12	14

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Tomada de contacto com o alunado e apresentaçom da disciplina.
Sesión maxistral	Apresentaçom dos temas teóricos do programa.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Análise e resoluçom coletiva de exercícios que visam desenvolver no alunado competência expressiva e destrezas metodológicas.
Estudo de casos/análises de situacións	Apresentaçom e análise de casos ou situaçons mais habituais na prática profissional mediante a realizaçom de encomendas de traduçom individuais.
Traballos tutelados	Realizaçom e exposiçom pública por parte de equipas integradas por quatro ou cinco alunos de um trabalho consistente na traduçom comentada de um texto pragmático.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Sesión maxistral	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horário de atendimento na FFT, ou através do correio-e). A finalidade deste atendimento personalizado é assessorar os alunos sobre a realizaçom das atividades do curso (exercícios, encomendas de traduçom, trabalho em equipa).
Traballos tutelados	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horário de atendimento na FFT, ou através do correio-e). A finalidade deste atendimento personalizado é assessorar os alunos sobre a realizaçom das atividades do curso (exercícios, encomendas de traduçom, trabalho em equipa).
Estudo de casos/análises de situacións	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horário de atendimento na FFT, ou através do correio-e). A finalidade deste atendimento personalizado é assessorar os alunos sobre a realizaçom das atividades do curso (exercícios, encomendas de traduçom, trabalho em equipa).
Resolución de problemas e/ou exercicios	Mediante consultas realizadas ao docente da disciplina (de modo presencial, durante o seu horário de atendimento na FFT, ou através do correio-e). A finalidade deste atendimento personalizado é assessorar os alunos sobre a realizaçom das atividades do curso (exercícios, encomendas de traduçom, trabalho em equipa).

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Prova teórico-prática inicial sobre os conteúdos ministrados nas sessons magistrais e manejados nos exercícios.	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	Prova teórico-prática inicial sobre os conteúdos ministrados nas sessons magistrais e manejados nos exercícios.	13
Estudo de casos/análises de situacións	Realizaçom de modo autónomo e individual de duas encomendas de traduçom, as quais visam reproduzir as condiçons da prática profissional.	50
Traballos tutelados	Elaboraçom em equipa e exposiçom pública de um trabalho consistente na traduçom comentada de um texto pragmático.	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

A presente disciplina pode cursar-se, na primeira convocatória, em regime de *avaliaçom contínua* (em que se valorizará fundamentalmente a aquisiçom de competência tradutiva e a participaçom regular e ativa nas aulas) ou de *avaliaçom única final* (convocatória oficial de exame). Na segunda e sucessivas convocatórias só é possível o regime de avaliaçom única final.

Na primeira convocatória, entende-se que um aluno opta polo regime de avaliaçom contínua (o mais recomendável nesta disciplina!) quando realiza algumha das atividades da avaliaçom contínua (prova teórico-prática, encomendas de traduçom individuais, trabalho em equipa). Para superar a avaliaçom contínua, o aluno deverá freqüentar, no mínimo, c. 80% das aulas, obter o aprovado no exame teórico-prático inicial e nas duas encomendas de traduçom individuais (estas três classificaçons parciais, promediadas, determinam 75% da classificaçom final) e apresentar um trabalho em equipa satisfatório (25% da classificaçom final). Os alunos que nom superarem a avaliaçom contínua mediante as atividades referidas deverám realizar o *exame oficial da convocatória de julho* ou de sucessivas convocatórias (de cuja parte teórica ficarám eximidos no caso de terem elaborado satisfatoriamente o trabalho em equipa).

O *exame oficial* da disciplina (convocatórias de janeiro e julho) consta de umha parte teórica (30% da classificaçom) e de outra prática (70% numha média aritmética ponderada), a qual consiste na traduçom para galego, auxiliada pola consulta de dicionários, de um texto pragmático redigido em inglês.

Bibliografía. Fontes de información

AA.VV. [5]2009. *Dicionário de Inglês-Português*. Série «Dicionários Editora». Porto Editora. Porto. [tb. em cd e versom simplificada acessível em www.infopedia.pt]

Estraviz, Isaac A. 1995. *Dicionário da Língua Galega*. Sotelo Blanco. Santiago de Compostela. [tb. em Freixeiro Mato, Xosé Ramón. 2000–2003. *Gramática da Lingua Galega*. 4 Volumes. Edicións A Nosa Terra. Vigo.

Houaiss, Antônio, Mauro de Salles Villar e Francisco Manoel de Mello Franco (dir.). 2002. *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*. Editorial Objetiva. Rio de Janeiro. [tb. em cd]

Stevenson, Angus (dir.). [6]2007. *Shorter Oxford English Dictionary*. Oxford University Press. Oxford. [tb. 4.ª ed. (*New SOED*) ou 5.ª ed.; tb. em cd]

2. Leituras obrigatórias

Garrido, Carlos. 2010. «Estratégia para a habilitaçom em galego do léxico especializado e culto». Em Comissom Lingüística da Associaçom Galega da Língua (org.): *Por um Galego Extenso e Útil. Leituras da Língua de Aquém e de Além*: 105–143. Através Editora. Santiago de Compostela.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 1, III: Inglés-Galego/V01G230VGI605

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230VGI309

Outros comentarios

Recomenda-se freqüentar todas as cadeiras da combinaçom lingüística inglês–galego.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Interpretación de enlace idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230VGI505			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Gomez Lopez, Elisa			
Profesorado	Gomez Lopez, Elisa			
Correo-e	elisa.gomez@mpsa.com			
Web				
Descrición xeral	Esta materia é unha introdución á interpretación de enlace na que se realiza unha presentación teórica xeral sobre as diversas técnicas, modalidades e estratexias da interpretación. Nesta materia tamén se tratan os principais ámbitos nos que se leva a cabo a interpretación de enlace. Por último, realízanse prácticas de interpretación de enlace inglés/galego nun amplo abano de ámbitos.			

Competencias de titulación
Código

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Proporcionar coñecementos teóricos básicos sobre os principios que rixen a interpretación de enlace.	A2 A8 A9 A17 A21	B6 B8 B9 B10 B15 B23
Sentar as bases teóricas e metodolóxicas para a aprendizaxe das técnicas de interpretación de linguas, concretamente da interpertación de enlace.	A2 A8 A9 A17 A18 A21	B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B15 B17 B18 B19 B22 B23
Desenvolver as capacidades de comprensión, análise e produción do discurso oral nas linguas de traballo.	A1 A2 A3 A4 A12 A13 A17 A18	B1 B6 B9 B15 B17 B22 B23

Introducir as técnicas de procura documental e de elaboración de glosarios aplicados á interpretación de enlace.	A5 A6 A7 A8 A11 A14 A16 A17 A18 A19 A21 A23	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B9 B12 B13 B14 B15 B22 B23 B24
Adquirir coñecementos sobre o mercado profesional da interpretación nos seus distintos ámbitos de traballo e concretamente nos ámbitos de traballo da interpretación de enlace.	A2 A9 A17 A20 A21	B8 B11 B12 B13 B16 B18 B19 B20 B21 B22 B23 B24

Contidos	
Tema	
Bloque Teórico	1.1. Técnicas de interpretación 1.2. Modalidades de interpretación 1.3. Modelo de esforzos e modelo gravitacional de disponibilidade lingüística 1.4. Estratexias de interpretación de enlace 1.4.1. División da atención 1.4.2. Axilidade mental 1.4.3. Capacidade de síntese e análise 1.4.4. Reformulación-Paráfrase 1.4.5. Imaxe mental 1.4.6. Memoria a curto prazo 1.4.7. Introdución á toma de notas 1.4.8. Comunicación non verbal 1.4.9. Intelixencia emocional (Xestión do estrés)
Bloque práctico: ámbitos de aplicación da interpretación de enlace	2.1. Interpretación nos medios de comunicación 2.2 Interpretación social 2.3 Interpretación nos Servizos Públicos 2.4 Interpretación nos Negocios 2.5. Interpretación Diplomática

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	5	10	15
Actividades introdutorias	2	4	6
Presentacións/exposicións	8	22	30
Foros de discusión	0	6	6
Traballos de aula	33	60	93

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Trátase de clases teóricas nas que se expoñen os aspectos máis relevantes da teoría da interpretación. A profesora explicará os aspectos teóricos e os alumnos deberán realizar unhas lecturas obrigatorias e entregar resumos das devanditas lecturas. Os resumos entregados polos alumnos formarán parte da avaliación.
Actividades introdutorias	Trátase dunha actividade introdutoria na que se presentará o temario da materia, así como a metodoloxía que se aplicará. Tamén se presentará o modo de avaliación.

Presentacións/exposicións	Actividade teórico-práctica na que os alumnos farán unha exposición en grupo sobre os distintos ámbitos nos que se leva a cabo a interpretación de enlace. As exposicións irán acompañadas dun role play e un glosario relacionados co ámbito de aplicación escollido por cada grupo.
Foros de discusión	Actividade práctica orientada á resolución de problemas e dúbidas, especialmente de carácter técnico e terminolóxico.
Traballos de aula	Trátase de traballo práctico no que se van realizar actividades secuenciadas relacionadas coas principais estratexias de interpretación de enlace e exercicios prácticos de interpretación de enlace nos diferentes ámbitos. A profesora tamén orientará aos alumnos sobre os traballos prácticos de interpretación que deberán facer pola súa conta, algúns dos cales serán avaliados.

Atención personalizada

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Todos os alumnos deberán entregar un resumo sobre un dos aspectos teóricos presentados durante as sesións maxistrais.	10
Presentacións/exposicións	Todos os membros dun mesmo grupo recibirán a mesma cualificación pola exposición que realicen na clase. É importante, polo tanto, ser quen de traballar ben en equipo.	20
Foros de discusión	Todos os alumnos deberán aportar comentarios sobre dúbidas/problemas que aparezan durante o desenvolvemento da materia, mediante o uso do foro de dúbidas que se creará a tal efecto en FAITIC.	10
Traballos de aula	Os alumnos realizarán e entregarán un mínimo de 3 traballos de IE durante o cuadrimestre. Todos os alumnos deberán facer unha proba que será corrixida e avaliada. Esta proba terá lugar na data do exame oficial e será imprescindible ter como mínimo un 5 nesta parte para aprobar.	60

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para a avaliación continua é imprescindible cumprir cun mínimo do 80% de horas presenciais e realizar todos os

traballos de aula e exposicións que se explican polo miúdo na presente guía.

Aqueles alumnos que renuncien á avaliación continua terán que facer un exame final na data oficial que consistirá na realización

dunha interpretación de enlace sobre algún dos temas incluídos no temario. A cualificación obtida no exame final será a

cualificación final da materia.

Na convocatoria extraordinaira de xullo o estudantado realizará un exame final na data oficial que consistirá na realización

dunha interpretación de enlace sobre algún dos temas incluídos no temario. A cualificación obtida no exame final será a

cualificación final da materia.

Bibliografía. Fontes de información

BAIGORRI, J., **La Interpretación de conferencias: el nacimiento de una profesión**, 2000,

COLLADOS, A. e FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, MM., **Manual de interpretación bilateral**, 2001,

GENTILE, A., OZOLINS e VASILAKAKOS, M., **Liaison interpreting: A Handbook**, 1996,

GILE, D., **Basic Concepts and Models for Interpreter and Translator Training**, 1995,

GILLIES, A., **Note-Taking for Consecutive Interpreting-A Short Course**, 2005,

HERBERT, J., **The interpreter's handbook**, 1956,

LEON, M., **Manual de Interpretación y Traducción**, 2000,

ROZAN, J.F., **La prise de notes en interprétation consécutive**, 1956,

UGARTE, X., **La pràctica de la interpretació anglès-català**, 2010,

Durante o curso a profesora indicará que lecturas son obrigatorias e orientará ao estudantado sobre a bibliografía específica para a realización das exposicións orais.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Interpretación consecutiva idioma 1: Inglés-Galego/V01G230VGI604
Interpretación simultánea idioma 1: Inglés-Galego/V01G230VGI608

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introducción a la teoría de la traducción y la interpretación/V01G230VEF210
Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230VGF518
Ferramentas para a tradución e a interpretación II: Documentación/V01G230VEI313

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, II: Francés-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, II: Francés-Galego			
Código	V01G230VGI508			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Cebro Barreiro, Sabela			
Profesorado	Cebro Barreiro, Sabela			
Correo-e	sacebro@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/sacebro			
Descrición xeral	A materia ten como obxectivos: a) afondar nos procedementos e técnicas da tradución e analizar as dificultades que presenta o texto de partida. b) mellorar a tradución cara á lingua I de diversos tipos de textos non especializados redactados no idioma II, amosando a capacidade de comprensión do idioma II e a de expresión na lengua I.			

Competencias de titulación
Código

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (francés-galego) tanto a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico. SUBCOMPETENCIAS: coñecer tanto as diferenzas como as similitudes dos dous sistemas lingüísticos.	A1 A4 A13 A17 A18 A30	B2
COMPETENCIA COMUNICATIVA E CULTURAL: comprender textos redactados na lingua de partida.	A2 A25 A32	B9 B17
COMPETENCIA TEXTUAL: afondar na estrutura e os principios organizadores dun texto. SUBCOMPETENCIAS: afondar no coñecemento de diferentes tipos de textos e as súas características.	A32	
COMPETENCIA TRADUTORA: afianzar as diferentes competencias precisas para traducir un texto de tipo xeral. SUBCOMPETENCIAS: afondar na análise de textos con vistas á súa tradución. Afianzar as distintas técnicas e estratexias de tradución. Traducir textos non especializados. Mellorar o traballo con textos paralelos. Mellorar o manexo das ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña...). Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Afondar as normas de revisión e presentación de traducións. Afondar no manexo de ferramentas informáticas básicas para a tradución. Afondar no coñecemento do mercado laboral. Mellorar as habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	A10 A17 A21 A22 A24	B3 B7 B11 B12 B14 B22

Contidos	
Tema	
1. Recursos e procedementos de tradución	1.1 Análise do texto I 1.2 Documentación 1.3 Tradución 1.4 Revisión e corrección
2. Dicionarios e fontes de documentación	2.1 Fontes de documentación en formato papel 2.2 Fontes de documentación en rede 2.3 Localización de textos paralelos

3. Exercicios prácticos de tradución	3.1 Tradución de textos non especializados 3.2 Problemas específicos de tradución
4. O mercado cara ao galego I	4.1 Presentación e descrición dos textos traducidos en galego desde o francés 4.2 O tradutor no seu contexto 4.3 Ética e responsabilidade do tradutor

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	7	14	21
Traballos de aula	32	40	72
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	2	30	32
Probas de resposta curta	1	10	11
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	8	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da programación, explicando polo miúdo os contidos, os traballos que hai que realizar e as lecturas obrigatorias do curso, así como o sistema de avaliación.
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que desenvolver polo alumnado.
Traballos de aula	O alumnado elabora traducións na aula baixo as directrices e supervisión do docente. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do alumnado.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	O alumnado realizará individualmente encomendas de tradución que reproducen situacións reais da actividade profesional. Para isto, aplicarán os coñecementos e habilidades adquiridos durante os traballos de aula.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Prestarase unha atención personalizada ao alumnado tanto na aula como fóra dela de forma presencial e, por motivos xustificados, de forma telemática.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A avaliación das sesións maxistrais permitirá coñecer a competencia acadada polo alumnado no referente aos conceptos teóricos da materia. Poderase avaliar o alumnado, ben mediante un exame, ben mediante a encomenda de resumos ou crítica de artigos.	10
Traballos de aula	Estes traballos consistirán en traducións realizadas na aula, traducións previamente preparadas que se corrixirán na aula. Para efectos de avaliación terase en conta a participación activa. Será obrigatoria a entrega de 4 traducións para a súa corrección e avaliación.	10
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realizaranse e entregaranse dúas (2) encomendas de tradución que recollerán as dificultades e especificidades das traducións que se realizaron nos traballos de aula.	40
Probas de resposta curta	Ficha para avaliar a lectura da obra obrigatoria.	5
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realizaranse na aula dúas (2) probas de tradución con tempo limitado (2 horas cada proba). A segunda coincidirá coa data oficial do examen final da materia.	35

Outros comentarios sobre a Avaliación

O plaxio será penalizado coa calificación de suspenso.

O alumnado deberá informar ao docente nas dúas primeiras semanas de clase a súa elección de acollerse á avaliación continua ou non. En todo caso, para poder acollerse a ela, debe asistir polo menos ao 80% das horas presenciais.

O alumnado que se acolla á avaliación continua e obteña unha calificación de suspenso deberá presentarse á convocatoria

extraordinaria de xullo nas condicións que se especifican a continuación:

1. Pregunta teórica sobre as lecturas e artigos do curso: 20% da nota

2. Tradución con tempo limitado (2 horas): 40% da nota

3. Encomenda de tradución que recibirá o alumnado o día do exame oficial e que deberá entregar segundo as condicións especificadas na encomenda nun máximo de 7 días naturais: 40% da nota

Será preciso aprobar cada unha das partes para poder facer a media.

CONVOCATORIA ORDINARIA OFICIAL DE XANEIRO E CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA OFICIAL DE XULLO

O alumnado que non se acolla á avaliación continua presentarase nas datas oficiais establecidas pola facultade a unha proba que consistirá en:

1. Pregunta teórica sobre as lecturas e artigos do curso: 20% da nota

2. Tradución con tempo limitado (2 horas): 40% da nota

3. Encomenda de traducción que recibirá o alumnado o día do exame oficial e que deberá entregar segundo as condicións especificadas na encomenda nun máximo de 7 días naturais: 40% da nota

Na convocatoria extraordinaria de xullo a evaluación realizarase da mesma forma que na convocatoria ordinaria oficial de xaneiro.

Bibliografía. Fontes de información

Dicionarios monolingües - galego

VV.AA (2004) *Gran dicionario Cumio da Lingua Galega*. Vigo: Edicións do Cumio.

VV.AA (2005) *Dicionario Xerais da Lingua Galega*. Vigo: Xerais.

VV.AA (2004) *Diccionario Castelán-Galego*. Santiago de Compostela: RAG-ILG.

PENA, X. A (dir.) (2005) *Gran Dicionario Século 21 da lingua galega.* Vigo. Galaxia

Dicionarios monolingües - francés

REY, Alain & REY-DEBOVE, Josette (1996) *Le nouveau petit Robert* (2 vols). París: Le Robert.

Journal officiel de la République Française (1994) *Dictionnaire des termes officiels de la langue française.* París: Délégation Générale à la langue française

Libros de estilo - francés

Bureau de la Traduction (2000) *Le guide du rédacteur*. 2e édition. Ottawa: Ministre des Travaux publics et Services Gouvernementaux Canada.

GAILLARD, Benédicte (1995) *Le Français de A à Z.* Paris. Hatier.

PEYROUTET, Claude (1991) *La pratique de l'expression écrite*. París: Mathan

Libros de estilo - galego

DOSIL, B. & RIVEIRO, Xesús (2004) *Dicionario de Ortografía da lingua galega*. A Coruña: Galinova Editorial.

Real Academia Galega Instituto da Lingua Galega (2004) *Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego*. Santiago de Compostela: RAG-ILG.

VV.AA. (2004) *Dicionario galaxia de Usos e dificultades da lingua Galega.* Vigo: Galaxia.

VV.AA. (2006) *Criterios para o uso da lingua*. A Coruña: Servizo de Normalización lingüística da Universidade da Coruña.

Libros de lectura obrigatoria

Robida, A. (1890). *La Vie Électrique.* Dispoñible en http://www.gutenberg.org/files/35103/35103-h/35103-h.htm

Recomendacións
Materias que continúan o temario
Tradución idioma 2, III: Francés-Galego/V01G230VGI611

Materias que se recomenda ter cursado previamente
Tradución idioma 2, I: Francés-Galego/V01G230VGI414

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución idioma 2, II: Alemán-Galego				
Materia	Tradución idioma 2, II: Alemán-Galego			
Código	V01G230VGI510			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Alemán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Montero Küpper, Silvia			
Profesorado	Montero Küpper, Silvia			
Correo-e	smontero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Reforzarase o alumnado na tradución de textos xerais na combinación lingüística alemán-galego facendo fincapé nos aspectos estilístico contrastivos das dúas linguas e diferentes culturas e, asi mesmo, na importancia dos aspectos paratextuais na tradución.			

Competencias de titulación
Código

Competencias de materia		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialdade dos repertorios das culturas orixinal e termo. Desenvolvemento da creatividade e da inferencia na resolución das situacións tradutivas.	A2 A3 A6 A8 A12 A13 A17 A18 A21 A22 A24 A25 A27 A28 A29 A32	B4 B7 B9 B17
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e culturas; dominar os elementos de interferencia léxica; capacidade para dominar os elementos de discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión e de construción textual das dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.	A1 A2 A4 A14 A15 A29 A31	B2 B4 B17
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos argumentativos e expositivos: descritivo, expositivo-conceptual, noticioso, narrativo; desenvolver a capacidade para traducir textos exhortativos (p. ex. textos instrutivos, informativo-apelativos...)	A1 A2 A3 A17 A18 A22 A29	B2 B4 B7 B17

Competencias profesionais: coñecer o mercado da tradución para a combinación lingüística alemán-galego e español; desenvolver un autoconcepto de tradutor/a profesional e da súa autoestima; desenvolver a capacidade de tomar decisións; fomentar a habilidade para traballar coas ferramentas para a tradución; desenvolver a capacidade para localizar e superar as fallas tradutivas individuais.	A1 A4 A10 A17 A21 A31	B3 B4 B7 B9 B12 B14

Contidos	
Tema	
1. Recursos e procedementos de tradución	1.1 Fontes de documentación en formato papel, en rede e textos paralelos (2) 1.2 Estratexias tradutivas (2) 1.3 Control de calidade (autoavaliación, avaliación allea)
2. Problemas específicos da tradución	2.1. Estilística contrastiva (calcos sintácticos, os adverbios alemáns fronte á perífrase gramatical, recursos de anovacion do léxico (de): sufixación e composición, nominalización,... 2.3 Convencións tipográficas de gl 2.4 Referentes culturais
3. Análise de textos en alemán	3.1 Funcións textuais 3.2 Tipoloxías 3.3 Cohesión e estrutura textual
4. Tradución de textos	4.1 Textos argumentativos (1) 4.2 Textos expositivos divulgativos (descritivo, entrevistas, noticioso, textos de divulgación científica (1)... 4.3 Textos exhortativos (instrutivos, folletos turísticos, instrucións de xogos ou receitas...)
5. Mercado da tradución do alemán	Varios aspectos profesionais; a tradución editorial

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	7	14	21
Resolución de problemas e/ou exercicios	13.5	44.5	58
Traballos de aula	6	0	6
Prácticas de laboratorio	4	8	12
Prácticas autónomas a través de TIC	6	12	18
Traballos tutelados	2	14	16
Presentacións/exposicións	4	4	8
Actividades introdutorias	1.5	1.5	3
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	4	8
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	As sesións maxistrais dedicaranse a explicar os contidos máis teóricos da materia, como a descrición do mercado da tradución do alemán ou a terminoloxía especializada de tradución, así como contidos teóricos fundamentais para desenvolver as tarefas prácticas, como aspectos contrastivos morfosintácticos e estilísticos entre as dúas linguas, referentes culturais etcétera. Malia estaren no apartado de sesións maxistrais, as clases serán de índole participativo e sempre estarán apoiadas por un soporte práctico.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse exercicios de tradución, que tentarán reproducir situacións reais, e exercicios de resolución de problemas (dificultades de tradución). Despois da presentación da base conceptual e procedimental nas sesións maxistrais, nas horas presenciais farase o traballo previo de análise. A seguir, o alumnado preparará as tarefas pola súa conta. Finalmente, e de novo nas horas presenciais, farase a posta en común e corrección dos resultados. Esta parte terase en conta na avaliación continua (10%).
Traballos de aula	Consisten en exercicios que se desenvolverán na propia aula. Poden consistir, por exemplo, en exercicios de resolución de problemas tradutivos ou de análise textual.
Prácticas de laboratorio	Para as prácticas de laboratorio precísase de material informático (computador con acceso a Internet). Farase sobre todo traballo documental previo á tradución e traballo de aprendizaxe dalgunhas ferramentas básicas para a tradución.
Prácticas autónomas a través de TIC	Estas actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa práctica da tradución desenvolveranse a través das TIC de maneira autónoma.

Traballos tutelados	Inclúese aquí o traballo de investigación que o alumnado debe realizar obrigatoriamente para a avaliación continua. Este traballo versará sobre un tema de literatura en lingua alemá e a súa tradución ó galego (análise de aspectos textuais e paratextuais dunha obra galega ou alemá traducida ou panorámica dunha época da literatura alemá e a súa recepción en Galicia) O alumnado contará coa tutela da profesora. Durante as horas presenciais dedicadas a este apartado, a docente explicará o procedemento e as normas de elaboración do traballo.
Presentacións/exposicións	O alumnado exporá o traballo de investigación realizado; haberá quenda de preguntas e debate.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado (farase un test de nivel de lingua alemá e de tradución), así como a presentar a materia. En especial, explicarase o sistema de avaliación, a bibliografía recomendada e a bibliografía de lectura obrigatoria.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Prestarase unha atención personalizada a todo o alumnado tanto en clase como fóra da aula por medio de titorías personalizadas. Deste xeito, o alumnado poderá estar en contacto directo coa docente para formularlle as súas dúbidas.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios desenvoltos na aula ou en casa.	10
Traballos de aula	Avaliaranse conxuntamente os exercicios que se desenvolverán na propia aula, as prácticas de laboratorio e as prácticas autónomas a través de TIC.	15
Prácticas de laboratorio	Avaliaranse conxuntamente os exercicios que se desenvolverán na propia aula, as prácticas de laboratorio e as prácticas autónomas a través de TIC.	0
Prácticas autónomas a través de TIC	Avaliaranse conxuntamente os exercicios que se desenvolverán na propia aula, as prácticas de laboratorio e as prácticas autónomas a través de TIC.	10
